Nº Rexistro: 32539
Data envio: 19/06/2018 11:33:15.959

Asinado dixitalmente por:

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/06/2018 11:32:57**

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 29965,** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e dona Paula Vázquez Verao, sobre **"o prazo previsto polo Goberno galego para a atención das demandas do persoal referidas ás carencias de recursos humanos e materiais existentes no Hospital Comarcal de Monforte, os datos das listas de espera non estruturais do centro e o número de derivacións de intervencións de cirurxía xeral ao Hospital Universitario Lucus Augusti rexistradas nel"**, (publicada no BOPG número 300 do 4 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Sanidade**,** que ten o seguinte contido:

"Os traballadores e traballadoras do Hospital de Monforte contan coas ferramentas e recursos necesarios que contribúen a mellorar o desempeño do seu traballo.

Nos últimos anos produciuse un aumento importante en relación cos recursos humanos do hospital, ofrecéndose novos servizos e reforzando algúns xa existentes. Así mesmo, tamén se fixo inversión para mellorar a infraestrutura do hospital e os recursos materiais do mesmo.

No Hospital de Monforte analízanse as necesidades do centro diariamente, realizando as contratacións para dar a cobertura necesaria. A dirección do Centro, segundo a carga de traballo, pode dispor dun traballador/a excedente no seu servizo para cubrir un posto da súa categoría noutro servizo.

Respecto a modificación unilateral de carteleiras, antes de realizar ningún cambio mantivéronse reunións, tanto cos representantes dos traballadores como cos propios traballadores, ofrecéndolles as distintas opcións posibles para cumprir co acordo vixente.

A baixa lista de espera non estrutural no Hospital de Monforte, débese a casos nos que os pacientes teñen algún problema médico asociado que require ser estudado antes de realizar a intervención, ou a casos nos que o paciente solicita pospor a intervención por motivos persoais.

CVE-PREPAR: f62d5645-e702-c009-6a09-f01bbd0c88e3

No Hospital de Monforte aténdense a grande maioría dos pacientes de cirurxía xeral, derivando ao HULA, o hospital de referencia, aqueles casos que requiren dunha técnica ou duns medios non dispoñibles no citado centro. Dita derivación é a mesma que en anos anteriores".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

CVE-PREPAR: f62d5645-e702-c009-6a09-f01bbd0c88e3

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/06/2018 16:27:17**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 13:21
Nº Rexistro: 32556
Data envio: 19/06/2018 13:21:53.960
Data 19/06/2018 13:21

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30136,** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don Luís Villares Naveira, sobre **"os plans da Xunta de Galicia para a rehabilitación do Pazo de Dona Urraca, no barrio da Tinería da cidade de Lugo, así como para o estudo e recuperación dos restos arqueolóxicos do seu contorno e as súas previsións respecto do asentamento nel da Oficina de Turismo tralo remate das obras"**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada conxuntamente pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda e a Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

**"**A rehabilitación do Barrio da Tinería de Lugo é un proxecto que nace no ano 2001 dende o Instituto Galego da Vivenda e Solo ao amparo dun programa creado ese ano e chamado Programa de Rehabilitación de núcleos rurais e cascos históricos.

A Xunta leva investidos máis de 25 millóns de euros na recuperación de edificios na Tinería.

Na actualidade, hai 36 edificios totalmente rehabilitados propiedade da Xunta, con 87 vivendas e 23 locais comerciais.

O 13 de xuño de 2018 a conselleira de Infraestruturas e Vivenda e a directora de Turismo de Galicia asinaron un acordo de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e a Axencia Turismo de Galicia para rehabilitar o Pazo de Dona Urraca, no barrio da Tinería, co fin de destinado a Oficina de Turismo e Centro de Interpretación do Camiño de Santiago.

A Oficina de Turismo actual, cando sexa trasladada ao Pazo de Dona Urraca, deixará libre o baixo do edificio da rúa Miño 10-12, que tamén é de propiedade autonómica, polo que este será

CVE-PREPAR: ff49a6a0-d0a4-4317-4590-35c7b27d71c3



107848
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/06/2018 13:21:34

ofertado en réxime de alugueiro para a implantación e desenvolvemento de actividades comerciais.

Sinalar que nestes momentos se está a redactar o proxecto da urbanización e execución de vivendas do entorno do Pazo de Dona Urraca, da UI-8. Este proxecto permitirá, entre outras actuacións, urbanizar o espazo exterior, descubrindo o pazo e abrindo a súa fachada a un espazo público".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: ff49a6a0-d0a4-4317-4590-35c7b27d71c3

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/06/2018 13:21:34**

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 11:32
Nº Rexistro: 32538
Data envío: 19/06/2018 11:32:19.818
Data 19/06/2018 11:31

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30381,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego en relación co suposto incumprimento pola empresa adxudicataria do prego de condicións para a adxudicación do servizo de mantemento do equipamento de electromedicina da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela, o seguimento que está a levar a cabo o Sergas, os datos e as medidas previstas pola Consellería de Sanidade ao respecto"**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A área sanitaria de Santiago de Compostela e A Barbanza ten un contrato firmado coa empresa ALTHEA HEALTHCARE ESPAÑA, S.L., (antes denominada TELEMATIC & BIOMEDICAL SERVICES, S.L.), para o mantemento dos equipos electromédicos pertencentes a esta área sanitaria.

Actualmente a empresa ten implantado os diferentes plans funcionais e organizativos necesarios para levar a cabo os traballos obxecto do contrato para cada un dos tipos de mantemento. Nestes plans se desenvolve, planifican, protocolizan e documentan os procedementos operativos que deben cumprir, no caso de contravir os mesmos, o órgano de contratación ten potestade para impoñer as penalidades establecidas nos pregos de contratación.

Desde a adxudicación do contrato o departamento de electromedicina da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e A Barbanza fai un seguimento pormenorizado do labor da

CVE-PREPAR: 25e15e22-ef33-3b69-e090-e43409c068d2



107851
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/06/2018 11:31:59

empresa, utilizando os mecanismos establecidos nos pregos do expediente de contratación para esixir a empresa o cumprimento do contrato.

O Xefe de Servizo de electromedicina reúnese co responsable da empresa no centro para revisar as incidencias acontecidas e comprobar o estado das reparacións pendentes.

Os técnicos Sergas supervisan diariamente, en quenda de mañá e tarde, os partes de traballo xerados antes da súa entrega aos técnicos das empresas, preocupándose de que a execución dos traballos se realicen en tempo e forma.

A Dirección de Recursos Económicos mantén reunións periódicas cos responsables da empresa, nas mesmas revísase o nivel de cumprimento dos indicadores de nivel de prestación de servizo e dispoñibilidade do equipamento. Cando se detectaron desviacións no cumprimento dos indicadores instouse a empresa a corrixilas e iniciouse a tramitación de expediente sancionador.

En relación ao número de persoas contratadas o prego non establecía un cadro de persoal, a empresa debe axustar o número de persoas dedicadas ao contrato para cumprir os tempos de resposta e resolución, os estándares establecidos para o nivel de servizo e dispoñibilidade de equipamento e os prazos para a posta en marcha do servizo ao inicio do contrato.

A día de hoxe a empresa ampliou o seu cadro de persoal respecto ao que tiña nos meses de novembro e decembro de 2017 e xaneiro de 2018.

Como criterio xeral de calidade os pregos establecen índices que miden tanto a dispoñibilidade do equipamento como os tempos de resposta e resolución das incidencias segundo a gravidade das mesmas. No caso que os resultados non acaden os mínimos establecidos nos pregos cursarase a sanción correspondente.

Polo que se refire a realización de mantemento preventivo e sustitución dos equipos a empresa presentou un programa de mantemento preventivo, técnico legal e substitutivo acorde ao equipamento da EOXI de Santiago de Compostela.

CVE-PREPAR: 25e15e22-ef33-3b69-e090-e43409c068d2

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 11:32
Nº Rexistro: 32538
Data envio: 19/06/2018 11:32:19.818

A Consellería de Sanidade seguirá fiscalizando a empresa, utilizando as ferramentas dispoñibles nos pregos do contrato e iniciando expediente sancionador ante calquera desviación no cumprimento dos estándares de calidade.

Non procede o rescate do servizo. Seguirase fiscalizando a labor da empresa controlando cada mes os resultados obtidos nos indicadores de nivel de cumprimento."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 25e15e22-ef33-3b69-e090-e43409c068d2

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 11:32
Nº Rexistro: 32538
Data envío: 19/06/2018 11:32:19.818

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/06/2018 11:31:59**

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2018 10:16
Nº Rexistro: 32803
Data envío: 26/06/2018 10:16:59.411
Data 26/06/2018 10:16

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30422,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os datos referidos ás inspeccións realizadas nos anos 2016 e 2017 nos centros de atención a persoas maiores da provincia de Lugo, así como as queixas ou reclamacións formuladas contra eles neses anos e a súa tramitación"**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"O artigo 42 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia, establece que a actividade inspectora se organizará de conformidade coas directrices e coas prioridades acordadas no Plan Anual de Inspección aprobado polo titular da consellería competente en materia de servizos sociais. O plan de inspección fixa os obxectivos anuais da unidade en relación cos servizos existentes no momento no que se elabora e recolle os datos referidos ao ano anterior avaliando o grado de cumprimento da planificación realizada.

Non obstante, ademais das inspeccións de carácter ordinario que se planifican anualmente no dito documento, realízanse tamén visitas de inspección extraordinarias co fin de investigar as queixas e denuncias recibidas que así o requiran, e visitas de inspección iniciais dentro dos procedementos de autorización de centros co fin de comprobar que cumpren os requisitos legalmente exixidos para a súa posta en funcionamento.

De acordo con isto, e nos anos 2106 e 2017 acadouse unha porcentaxe media de inspección do 50% dos centros de atención a persoas maiores da provincia de Lugo.

De acordo co establecido nos artigos 73 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 43 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, é función do persoal inspector de servizos sociais propoñer a iniciación de expedientes sancionadores cando no

CVE-PREPAR: 2518b6a7-3479-0469-b6f4-b261d7ce09e5



107855
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 26/06/2018 10:16:40

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2018 10:16
Nº Rexistro: 32803
Data envío: 26/06/2018 10:16:59.411

desenvolvemento da súa labor constata a comisión de infraccións en materia de servizos sociais.

A actividade inspectora realizada nos centros de atención a persoas maiores da provincia de Lugo nos anos 2016 e 2017, deu lugar á apertura de distintos expedientes sancionadores os cales se atopan en diferentes fases de tramitación.

Tendo en conta a maior complexidade das necesidades sociais e dos servizos a prestar que requiren un mellor control das actividades e dos fondos públicos destinados á súa prestación, así como unha supervisión máis intensa na protección dos dereitos das persoas destinatarias dos servizos, dentro das liñas estratéxicas de actuación dos respectivos Plans Anuais de Inspección para os anos 2016 e 2017 atopábase a de inspección e garantía dos dereitos, liña estratéxica que se mantivo igualmente para a actividade inspectora planificada para o ano 2018.

Dentro desta liña, fíxase como obxectivo incidir especialmente na garantía dos dereitos das persoas en centros residenciais para persoas en situación de dependencia, e en especial no que se refire ao cumprimento da rateo mínima de persoal de atención directa.

Por conseguinte, en todas as inspeccións levadas a cabo dentro da actividade programada no Plan Anual de Inspección compróbase, con máxima prioridade, o cumprimento da rateo de persoal de atención directa exixida pola normativa vixente, e polo que se refire ao centros da provincia de Lugo no período sinalado si se constatou algún incumprimento neste punto procedendo en consecuencia o persoal inspector, que na súa condición de autoridade pública actúa con plena independencia. Así, tras a realización das correspondentes inspeccións pode estender unha acta numerada na que se fan constar os feitos constatados, as deficiencias detectadas e, cando proceda, as presuntas infraccións cometidas, se ben tamén pode relacionar aqueles aspectos dos servizos inspeccionados que se consideran mellorables, ou cando se trate de simples inobservancias de requisitos que foran de fácil emenda, o persoal inspector poderá limitarse a formular os requirimentos e advertencias que considere oportunos outorgando un prazo para acreditar o seu cumprimento.

Polo que se refire ao cumprimento das condicións que lles deron acceso á condición de centro concertado, no seu caso, ás entidades licitadoras se lles esixe que cumpran cos

CVE-PREPAR: 2518b6a7-3479-0469-b6f4-b261d7ce09e5

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2018 10:16
Nº Rexistro: 32803
Data envio: 26/06/2018 10:16:59.411

requisitos esixidos conforme o procedemento establecido na normativa vixente de contratos do sector público. Así mesmo, e previamente á adxudicación de contrato se lles exixe estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais e que o centro obxecto do contrato teña o respectivo Permiso de Inicio de Actividades.

De acordo con isto, todos os centros de atención a persoas maiores inspeccionados durante os anos 2016 e 2017 na provincia de Lugo cumprían as condicións que lles deron acceso á condición de centro concertado.

En canto ás queixas e reclamacións presentadas, o artigo 6 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, establece como un deber das entidades prestadoras de servizos sociais remitir á inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia unha copia das reclamacións presentadas, no prazo máximo de tres días hábiles, xunto cun informe xustificativo dos antecedentes e das actuacións realizadas para a súa xestión.

Así mesmo, o artigo 45 do dito decreto establece que as persoas usuarias poderán remitir directamente queixas e reclamacións á unidade de inspección de servizos sociais a fin de que as avalíe e, cando proceda, realice as actuacións oportunas.

Entre as funcións que legal e regulamentariamente se lle atribúen á Inspección de Servizos Sociais atópase a de recibir, investigar e contestar queixas e reclamacións, e no exercicio desta función e de acordo co establecido respecto aos procedementos legalmente establecidos para a tramitación de queixas, xestiónase o 100% das recibidas, levando a cabo as actuacións oportunas que efectivamente poden supoñer, de considerarse necesario para o esclarecemento dos feitos, a realización dunha inspección ao centro, sempre actuando coa máxima eficacia co obxectivo de resolver satisfactoriamente e no prazo máis breve posible a situación que deu lugar á queixa dos usuarios ou dos seus familiares, depurando as responsabilidades que no seu caso proceda, e realizando os requirimentos correspondentes para resolver aquelas situacións que non se axusten ao legalmente establecido ou aos niveis de calidade axeitados para un funcionamento excelente dos centros de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia.

CVE-PREPAR: 2518b6a7-3479-0469-b6f4-b261d7ce09e5

Respecto dos centros de atención a persoas maiores da provincia de Lugo as queixas recibidas foron debidamente xestionadas segundo o exposto**.”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 2518b6a7-3479-0469-b6f4-b261d7ce09e5

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2018 10:16
Nº Rexistro: 32803
Data envio: 26/06/2018 10:16:59.411

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/06/2018 10:16:40

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2018 10:01
Nº Rexistro: 32802
Data envío: 26/06/2018 10:01:43.519
Data 26/06/2018 10:01

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30451,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a realización pola Xunta de Galicia dalgunha inspección no centro de persoas maiores onde residía a persoa falecida no Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo e, se é o caso, os datos e as actuacións levadas a cabo ao respecto"**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"A función inspectora realízase de oficio polo órgano competente en materia de autorización e inspección de servizos sociais, ben por iniciativa propia ou a instancia doutros órganos ou con motivo das queixas ou informacións obtidas directamente das persoas usuarias ou da cidadanía en xeral, debidamente fundadas.

Entre outras funcións, corresponde ao persoal inspector de servizos sociais, recibir, investigar e contestar queixas e reclamacións, emitir informes de inspección e propoñer a iniciación de expedientes sancionadores.

Así pois, o centro de maiores onde residía este usuario, foi obxecto de diversas inspeccións nas que se levou a cabo unha exhaustiva verificación do cumprimento da normativa aplicable, sendo a reclamación relacionada co caso inmediatamente atendida polo persoal inspector, o cal, tras efectuar as actuacións inspectoras correspondentes, emite informe ao respecto no que se conclúe que, respecto ao caso concreto, o centro non infrinxe a normativa vixente en materia de servizos sociais, sen prexuízo da

CVE-PREPAR: 614aebe4-9c26-91b6-94f9-f67c0a0643e0



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 26/06/2018 10:01:22

valoración da praxe profesional médica relacionada co caso sobre a cal non resulta competente para pronunciarse a Inspección de Servizos Sociais**.”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 614aebe4-9c26-91b6-94f9-f67c0a0643e0

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2018 10:01
Nº Rexistro: 32802
Data envio: 26/06/2018 10:01:43.519

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/06/2018 10:01:22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32651
Data envio: 20/06/2018 16:27:13.830
Data 20/06/2018 16:27

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30679,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noelia Blanco Rodríguez, sobre **"a posibilidade do Goberno Galego de garantir o mesmo nivel de atención sanitaria en Galicia está durante os meses de verán que no resto do ano, os datos, as previsións e a súa planificación ao respecto"**, (publicada no BOPG número 307 do 21 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Sanidade**,** que ten o seguinte contido:

"O Servizo Galego de Saúde planifica, todos os anos, a adecuación dos recursos asistenciais no período estival tendo en conta o decrecemento da demanda asistencial, motivado pola diminución da morbilidade estacional de determinadas patoloxías. Ademais, neste período prográmanse as vacacións dos profesionais e mantéñense operativos os recursos adaptados a esta realidade.

Por outra parte, esta circunstancia facilita tamén que durante estes meses de verán pódanse levar a cabo obras ou actuacións preventivas ou reparadoras en distintas unidades que durante unha época de maior ocupación sería difícil realizar coas máximas medidas de seguridade e, as menores molestias para os usuarios e profesionais .

Ningunha destas circunstancias fai que a atención sanitaria sufra un menoscabo no nivel de atención en comparación coa do resto do ano.

As camas hospitalarias están todas dispoñibles de acordo coas necesidades de hospitalización dos pacientes en cada momento.

No ano 2018 durante os meses de verán a porcentaxe media de camas funcionantes será do 88%, aproximadamente un 13% máis das camas ocupadas no ano 2017.

Débese entender que a sanidade e polo tanto as necesidades asistenciais, son procesos dinámicos, e que se contratará o número de profesionais que sexan necesarios en cada momento para garantir a asistencia sanitaria nos centros.

CVE-PREPAR: eed54130-a6f0-9285-7ed9-6c3087a435e1





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 20/06/2018 16:27:10

Polo tanto, a xestión das ausencias e planificación das substitucións realízanse tendo en conta a demanda asistencial, é dicir, substitúense con persoal eventual o 100% das ausencias que se precisen, en función das necesidades de cada centro.

As ausencias do persoal cóbrense sempre que a demanda asistencial así o require, en garantía da saúde da cidadanía.

O SERGAS leva a cabo unha planificación sobre cal será a ocupación prevista de camas durante a época de verán tanto por ingresos médicos como os derivados da actividade cirúrxica. Esta planificación elabórase tendo en conta a frecuentación das distintas áreas hospitalarias e en cada área sanitaria concreta, en períodos similares anteriores.

Como medida de reforzo operativa fronte á posibilidade de que ocorran situacións excepcionais e imprevisibles, nos centros hospitalarios existe un Plan de Continxencia que permite adoptar de xeito áxil as medidas necesarias destinadas á adecuación dos recursos asistenciais.

A planificación asistencial estival basease nos indicadores asistenciais e de actividade hospitalarios dos anos anteriores e no comportamento estacional das patoloxías máis prevalentes na hospitalización.

Polo tanto, a xestión das ausencias e planificación das substitucións realízanse tendo en conta a demanda asistencial, é dicir, substitúense con persoal eventual o 100% das ausencias que se precisen, en función das necesidades de cada centro".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: eed54130-a6f0-9285-7ed9-6c3087a435e1

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32651
Data envio: 20/06/2018 16:27:13.830

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/06/2018 16:27:10

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30729,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración da Xunta de Galicia respecto da reapertura do consultorio médico na parroquia de Oural, no concello de Sarria"**, (publicada no BOPG número 307 do 21 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Sanidade**,** que ten o seguinte contido:

"No concello de Sarria están situadas as parroquias de Chorente e San Sadurniño de Froian, coñecidas como Oural. Nelas estaba situado un consultorio que leva pechado desde o ano 2011.

A distancia desde estas parroquias ata o Centro de Saúde de Sarria está entre 9 e 12 minutos.

O consultorio de Oural no ano 2011 tiña unha poboación de 635 pacientes que só podían acceder a un médico determinado e só tiñan horario de xornada ordinaria.

No momento actual dispoñen de melloras como son a libre elección de facultativo e tamén poder elixir ao médico de quenda de mañá ou de tarde.

O Centro de Saúde de Sarria dispón dunha ampla carteira de servizos como atención farmacéutica, programa bucodental, fisioterapia, radiodiagnóstico, cirurxía menor, traballo social, consultas en horario de tarde".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: ccbd5460-8ca3-ac57-0e65-4e75d02f03b7



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 20/06/2018 13:51:18

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 13:51
Nº Rexistro: 32642
Data envio: 20/06/2018 13:51:35.792

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/06/2018 13:51:18

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32650
Data envio: 20/06/2018 16:27:01.939
Data 20/06/2018 16:26

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31083,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración e as previsións da Consellería do Medio Rural respecto da conversión, na proposta de modificación do PXOM do Concello de Curtis, da totalidade do solo rústico de especial protección agropecuaria e gran parte do solo rústico de protección forestal en solo rústico de protección ordinaria"**, (publicada no BOPG número 309 do 23 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural ,** que ten o seguinte contido:

**"**A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 7ª do 8.06.2018- polo director xeral de Desenvolvemento Rural ao darlle resposta á pregunta 31084 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.**"**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 6a05ec57-4936-38f7-4da0-fe2b15182146

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32650
Data envio: 20/06/2018 16:27:01.939

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/06/2018 16:26:42

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 10:48
Nº Rexistro: 32607
Data envío: 20/06/2018 10:48:56.664

Data 20/06/2018 10:48

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31360**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os prexuízos que lle están a ocasionar aos doentes e aos profesionais do Centro de Saúde de Cambados as decisións do Goberno galego de non substituír os permisos e vacacións do persoal, así como de pechar o centro en horario de tarde durante o verán, e a súas previsións respecto da garantía da presenza de equipos completos de profesionais en todas as quendas do Punto de Atención Continuada"**, (publicada no BOPG número 312 do 30 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"As ausencias dos profesionais do Centro de Saúde de Cambados, están a cubrirse cos mesmos criterios que en calquera outro Centro de Saúde, e que garanten unha asistencia e accesibilidade adecuada á poboación.

A escaseza de Médicos de Familia e Pediatras é unha circunstancia coñecida por todos e que afecta non só á nosa área sanitaria ou a nosa Comunidade Autónoma, senón a todas.

A pesar disto, desde a Xerencia faise o esforzo, cada día en implementar medidas organizativas que ademais de garantir a asistencia permitan o goce de vacacións dos nosos profesionais.

Desde o ano 2012, durante o período de verán, a solicitude de todos os médicos de cabeceira do Centro de Saúde a atención ordinaria realízase en horario de mañá (de 8 a 15 h.) o que permite a autoxestión das ausencias por vacacións do Centro.

A intersubstitución dos profesionais dun Servizo de Atención Primaria, realízase de forma similar a como se realiza nun servizo de calquera outra especialidade hospitalaria.

CVE-PREPAR: f7edc665-c9b6-7596-69e9-784447294 9c2

Lembrar que o Punto de Atención Continuada (PAC) de Cambados mantén a súa actividade en horario de 15 a 8 horas e durante 24 horas os fins de semana e festivos. Neste sentido, as cifras de actividade de atención de urxencias extrahospitalarias do PAC revelan que atende una media diaria de 70-80 pacientes e, concretamente, en xullo e agosto dita media increméntase levemente ata os 74-84 pacientes.

Os datos oficiais do SERGAS reflicten que, cada ano, o 80% do incremento de asistencias estivais neste PAC cambadés coincide exclusivamente coa fin de semana de celebración da Festa do Albariño en agosto- cando a media de atención urxentes se duplica- volvendo ás cifras moderadas de actividade habitual durante o resto do verán".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

CVE-PREPAR: f7edc665-c9b6-7596-69e9-784447294 9c2

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 10:48
Nº Rexistro: 32607
Data envio: 20/06/2018 10:48:56.664

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/06/2018 10:48:38

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 13:49
Nº Rexistro: 32641
Data envío: 20/06/2018 13:49:31.324
Data 20/06/2018 13:49

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31482**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **"as recomendacións do Consello de Contas de Galicia referidas ao servizo domiciliario de terapias respiratorias que se están a aplicar na práctica, o incremento polo Goberno galego do control respecto da execución do contrato na prestación do servizo e as súas previsións en relación coa recuperación da súa xestión publica"**, (publicada no BOPG número 317 do 7 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Foi creado e implantado un sistema de xestión de terapias respiratorias domiciliarias. Este sistema de xestión recolle desde o primeiro momento no que o facultativo xera unha prescrición, ata que dita prescrición chega á empresa encargada de prestar o servizo no domicilio particular do doente.

Tamén contempla o seguimento e control da prestación do servizo, recollendo a información do retorno cunha dobre finalidade: o seguimento do tratamento por parte do médico e o control económico para realizar o pago da empresa adxudicataria.

Entre os puntos básicos do sistema de xestión están:

- Que os facultativos acceden ao programa para poder realizar as súas prescricións de terapia respiratoria domiciliaria

- Que se realiza un control previo das prescricións sobre a adecuación aos protocolos asistenciais vixentes no SERGAS, no caso de non cumprir os ditos protocolos non se permite realizar a prescrición, que se xestiona a caducidade das prescrición, sexan agudas, crónicas ou compasivas.

- Tamén controla que os facultativos poidan prescribir cada un dos tipos de terapia en función da súa especialidade. O resto de profesionais sanitarios de outras especialidades, con acceso a IANUS só poderán consultar as prescricións.

CVE-PREPAR: ce259d36-b556-0e64-ebb9-221d832e2245





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 20/06/2018 13:49:08

- As empresas adxudicatarias do servizo consultan as prescricións válidas telematicamente.

- As empresas comunican a información sobre o seguimento do tratamento por parte do paciente (consumos, eventos de instalación, avarías, substitucións, retiradas de equipos...). Dito seguimento está fundamentalmente baseado en métricas de uso e consumo das terapias e do seguimento da xestión e calidade do servizo prestado. Esta información poderá ser consultada polo facultativo. Obviamente aplícanse os mecanismos de seguridade necesarios para protexer esta comunicación, posto que conteñen aspectos que poden ser considerados de nivel alto pola Lei Orgánica de Protección de Datos (LOPD).

- Intégrase con outros sistemas do SERGAS para poder realizar comprobacións e detectar incidencias de todo tipo: falecementos, traslados, ingresos,...

- Dispón dun módulo que permite xerar o cálculo mensual da facturación desglosado por paciente/terapia e ademais actualmente estase a desenvolver novas funcionalidades.

No ano 2014 o SERGAS constituíu un grupo de traballo para desenvolver un aplicativo informático.

Por outra parte, aplicáronse as diferentes alternativas na contratación desta prestación en termos de competencia efectiva, economías de escala e de homoxeneización do servizo. Na actualidade, estase a traballar nunha nova licitación regulándose pola nova Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: ce259d36-b556-0e64-ebb9-221d832e2245

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 13:49
Nº Rexistro: 32641
Data envio: 20/06/2018 13:49:31.324

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/06/2018 13:49:08**

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31535**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **"as razóns do Goberno galego para non cubrir as vacacións e permisos do persoal do Centro de Saúde de Cambados, a súa opinión en relación co peche do centro pola tarde e as medidas previstas ao respecto"**, (publicada no BOPG número 317 do 7 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"As ausencias dos profesionais do Centro de Saúde de Cambados, están a cubrirse cos mesmos criterios que en calquera outro Centro de Saúde, e que garanten unha asistencia e accesibilidade adecuada á poboación.

A escaseza de Médicos de Familia e Pediatras é unha circunstancia coñecida por todos e que afecta non só á nosa área sanitaria ou a nosa CCAA, senón a todas as CCAA.

A pesar disto, desde a Xerencia faise o esforzo, cada día en implementar medidas organizativas que ademais de garantir a asistencia, permitan o goce de vacacións dos nosos profesionais.

Desde o ano 2012, durante o período de verán, a solicitude de todos os médicos de cabeceira do Centro de Saúde a atención ordinaria realízase en horario de mañá (de 8 a 15 h.) o que permite a autoxestión das ausencias por vacacións do Centro.

A intersubstitución dos profesionais dun Servizo de Atención Primaria, realízase de forma similar a como se realiza nun servizo de calquera outra especialidade hospitalaria.

Lembrar que o Punto de Atención Continuada (PAC) de Cambados mantén a súa actividade en horario de 15 a 8 horas e durante 24 horas os fins de semana e festivos. Neste sentido, as cifras de actividade de atención de urxencias extrahospitalarias do PAC revelan que atende una media diaria de 70-80 pacientes e, concretamente, en xullo e agosto dita media increméntase levemente ata os 74-84 pacientes.

CVE-PREPAR: 297a0371-a5f9-3578-70e4-fa2fc2958b83





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 20/06/2018 10:08:35

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 10:08
Nº Rexistro: 32593
Data envio: 20/06/2018 10:08:58.009

Os datos oficiais do SERGAS reflicten que, cada ano, o 80% do incremento de asistencias estivais neste PAC cambadés coincide exclusivamente coa fin de semana de celebración da Festa do Albariño en agosto- cando a media de atención urxentes se duplica- volvendo ás cifras moderadas de actividade habitual durante o resto do verán".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 297a0371-a5f9-3578-70e4-fa2fc2958b83

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 10:08
Nº Rexistro: 32593
Data envío: 20/06/2018 10:08:58.009

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/06/2018 10:08:35**

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31569,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as razóns da inexistencia de servizo de pediatría e dun facultativo de garda ata a noite no concello de Baralla, a opinión e as previsións da Consellería de Sanidade ao respecto"**, (publicada no BOPG número 317 do 7 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Sanidade**,** que ten o seguinte contido:

"O Centro de Saúde de Baralla conta con 3 médicos de cabeceira (media 850 TIS), 2 enfermeiros e 2 persoal de servizos xerais.

Ten asociadas 2692 Tarxetas Sanitarias, das que 142 corresponden a menores.

A asistencia pediátrica do municipio de Baralla lévase a cabo no Centro de Saúde do Corgo pola pediatra de área, os luns e mércores, en horario de 8:00 a 15:00 horas, e sen demoras para atención tanto de demanda como controles do neno san.

O resto dos días os nenos e nenas son atendidos no propio centro de Saúde de Baralla polos médicos de cabeceira que están totalmente capacitados para realizar dita tarefa, e se este considera que debe se visto por un pediatra a derivación faise inmediata (Becerréa, Láncara, Fingoi).

A Unidade de Atención Primaria de Baralla conta cunha carteira de servizos onde se inclúe atención adolescente/adulto/ancián, atención ao paciente crónico, domiciliaria, cirurxía menor, control de tratamento con anticoagulantes orais (SINTROM) tramitación administrativa...

CVE-PREPAR: 482b0a45-46a1-45f5-e1e5-de559501d4d8

A atención durante as 15:00 ata as 8:00 horas do día seguinte, domingos e festivos préstase no PAC do Corgo a 15 Km. de distancia e unha duración aproximada da viaxe de 16 minutos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

CVE-PREPAR: 482b0a45-46a1-45f5-e1e5-de559501d4d8

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32701
Data envio: 21/06/2018 15:05:03.145

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/06/2018 15:04:42**

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 13:23
Nº Rexistro: 32557
Data envío: 19/06/2018 13:23:57.306
Data 19/06/2018 13:23

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30133**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o resultado das xestións realizadas polo Goberno galego diante do Banco de Santander para o mantemento en Galicia da marca Banco Pastor como filial, como marca diferenciada e as súas previsións respecto da realización das actuacións precisas para ese fin, así como para evitar a destrución dos postos de traballo"**, (publicada no BOPG número 300 do 4 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

"O pasado 14 de xuño o director xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos compareceu na Comisión 3ª para dar resposta a iniciativa Nº 30776 do Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e explicou todas as cuestións expostas nesta iniciativa. Así reiterou que a Xunta de Galicia entende que se trata dun erro por parte do Banco Santander a eliminación da marca Banco Pastor, pero explicou que a decisión final lle corresponde á propiedade do Banco, que tomará as decisións empresariais en función da súa estratexia.

En canto ao mantemento do emprego e os posibles axustes que se podan acometer, reiterou unha vez mais que desde a Xunta se velará porque eses posibles axustes se sigan a facer co maior grado de acordo cos representantes dos traballadores e das traballadoras do banco.

O director xeral explicou que de non adoptarse a decisión que se adoptou, é dicir, a venda do Banco Pastor a outra entidade e se procedese a liquidación do Banco, perderíanse 1.400 empregos, terían pechado mais de 200 oficinas e os depositantes tiveran perdido sobre 30.700 millóns de euros en depósitos de máis dun millón de fogares, dos cales o Banco Pastor representaba sobre 8.000 millóns de euros".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: a1aa1075-fa91-63d7-9001-809342993924





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/06/2018 13:23:39

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 13:23
Nº Rexistro: 32557
Data envío: 19/06/2018 13:23:57.306

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/06/2018 13:23:39

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2018 11:03
Nº Rexistro: 32814
Data envío: 26/06/2018 11:03:24.418
Data 26/06/2018 11:03

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 25424,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración da Xunta de Galicia en relación coa situación da lingua galega na comarca do Bierzo e o grao de desenvolvemento dos convenios e protocolos asinados desde o ano 2001 na materia, así como as medidas do Plan de normalización lingüística desenvolvidas nesa comarca para promocionar o coñecemento e uso do galego, e as previsións ao respecto"**, (publicada no BOPG número 262 do 16 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia traballa no impulso da lingua galega no Bierzo desde o respecto, a lealdade e a colaboración institucional coa Junta de Castilla y León.

Como é coñecido, no ano 2001 asinouse un acordo de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Consejería de Educación y Cultura da Junta de Castilla y León para a promoción do idioma galego nos territorios limítrofes das dúas comunidades autónomas (Bierzo e Sanabria).

O 30 de agosto do 2016 asinouse un Protocolo entre a Xunta de Galicia e a Comunidade de Castilla y León con esta mesma finalidade e con vixencia 2006-2011, quedando tacitamente prorrogado por sucesivos períodos dun ano, salvo comunicación en contra dalgunha das partes.

A valoración do Programa de fomento do galego nos centros educativos do Bierzo e Sanabria, tanto por parte dos respectivos gobernos autonómicos de Galicia e de Castela e León como polos centros participantes, é positiva.

Por outra banda, a Secretaría Xeral de Política Lingüística mantén unha estreita relación de colaboración con asociacións de promoción da lingua galega nas zonas fronteirizas da

CVE-PREPAR: ddb2c972-01b1-6568-3f16-36305550f901





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 26/06/2018 11:03:04

Comunidade de Castela e León, como é o caso do Grupo As Médulas para a Lingua e Cultura Galegas do Bierzo, da Comisión Cultural Martín Sarmiento e do Consejo Comarcal de El Bierzo.

Como complemento desta información remitímonos á seguinte información:

http://www.edu.xunta.gal/portal/node/24448**.”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: ddb2c972-01b1-6568-3f16-36305550f901

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2018 11:03
Nº Rexistro: 32814
Data envio: 26/06/2018 11:03:24.418

Asinado dixitalmente por:

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/06/2018 11:03:04**

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2018 11:03
Nº Rexistro: 32815
Data envío: 26/06/2018 11:03:37.293
Data 26/06/2018 11:03

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24960,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e don Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre **"os datos referidos ás obras de saneamento e abastecemento financiadas pola Xunta de Galicia desde o ano 2009 ao 2017 no concello de Lugo, así como a achega de calquera outra administración para esas obras"**, (publicada no BOPG número 262 do 16 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio,** que ten o seguinte contido:

**"**Augas de Galicia colaborou financeiramente na realización en Lugo de 4 actuacións executadas polo Estado, que suman un total de 116 millóns de euros. Deles, 17,6 corresponden a achegas propias de Augas de Galicia, que confinanciaban aos fondos FEDER estatais que completaban este investimento.

Son as seguintes:

| Actuación | Orzamento total | % Augas | Orzamento Augas |
|---|---|---|---|
| Ampliación da EDAR de Lugo | 58.759.110,76 € | 15% | 8.813.866,62 € |
| Colectores do río Miño - N - VI | 34.077.605,08 € | 15% | 5.111.640,76 € |
| Acondicionamento marxe dereita río Miño | 4.448.686,05 € | 20% | 889.737,21 € |
| Mellora do saneamento de Lugo | 18.749.973,66 € | 15% | 2.812.496,05 € |
| | 116.035.375,55 € | | 17.627.740,64 € |

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 2daa55d6-1b56-0678-38b5-3a7d352dec72

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2018 11:03
Nº Rexistro: 32815
Data envío: 26/06/2018 11:03:37.293

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/06/2018 11:03:32

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32838
Data envio: 26/06/2018 14:27:33.726
Data 26/06/2018 14:27

RS/ag

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 29148,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre "**relación nominal, a categoría e a data de nomeamento de cada un dos membros da Unidade de Muller e Ciencia** ", (publicada no BOPG número 294 do 19 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade ,** que ten o seguinte contido:

**"** A Unidade de Muller e Ciencia está constituída polos seguintes membros:

PRESIDENCIA

-Secretaria Xeral da Igualdade: Susana López Abella

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA

-Secretario Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: José Alberto Díez de Castro

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA

-Directora da Axencia Galega De Innovación (GAIN) da Consellería de Economía, Emprego e Industria: Patricia Argerey Vilar

CVE-PREPAR: d0505386-1095-cd76-e319-6dd097e91be9

VICEPRESIDENCIA TERCEIRA

-Directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia: Mar Pereira Álvarez

SECRETARIA

-Xefa de negociado de Promoción e Cooperación Institucional da Subdirección de Promoción da Igualdade da Secretaría Xeral da Igualdade: Luisa Galdo Vázquez

Nomeada o 20/09/2017

VOGAIS

-Vicexerente do Servizo Galego de Saúde: Raquel Vázquez Mourelle

Nomeada o 20/09/2017

-Subdirección Xeral de Promoción Científico- Tecnolóxica Universitaria da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: Mª Jesús Tallón Nieto

Nomeada o 14/07/2016

-Xefa do Servizo de Xestión Científico-tecnolóxica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: Silvia Perez Pardo

Nomeada o 13/07/2016

-Directora da Área de Programas da Axencia Galega de Innovación (GAIN) da Consellería de Economía, Emprego e Industria: Luisa Boquete Pumar

Nomeada o 29/05/2018

CVE-PREPAR: d0505386-1095-cd76-e319-6dd097e91be9

-Xefa de Sección de Xestión Técnica da Área de Sección Técnica da Axencia Galega de Innovación (GAIN) da Consellería de Economía, Emprego e Industria: María José Dopico Calvo

Nomeada o 13/07/2016

-Directora da Área de Sociedade Dixital da da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia Rosa Méndez Calvo

Nomeada o 29/05/2018

-Xefe do Departamento de Sociedade da información da Área de Sociedade Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia: Fernando Gil Vázquez

Nomeado o 15/09/2017

-Subdirectora de Promoción da Igualdade da Secretaría Xeral da Igualdade: Aurora Patiño Doval

Nomeada o 29/05/2018

-Xefa de Servizo de Promoción e Cooperación Institucional da Subdirección de Promoción da Igualdade da Secretaría Xeral da Igualdade: Mº Luz González González

Nomeada o 19/09/2017

-Experta no ámbito educativo e a promoción científica universitaria: Alicia Estévez Toranzo

Nomeada o 13/07/2016

-Experta no ámbito científico e tecnolóxico: Elena Vázquez Cendón

Nomeada o 15/09/2017

CVE-PREPAR: d0505386-1095-cd76-e319-6dd097e91be9

-Experta no ámbito científico e tecnolóxico: Edita de Lorenzo Rodríguez

Nomeada o 29/05/2018

-Experta no ámbito social e sanitario: María Rosaura Leis Trabazo

Nomeada o 21/07/2017

Segundo se establece no artigo 8, en canto á duración do mandato, os membros da unidade que teñan a dita condición por razón do seu cargo desempeñarán as súas funcións polo tempo que dure o exercicio deste; así como tamén se regula que a/o secretaria/o, e máis as vogais, serán nomeadas por períodos de tres anos desde a constitución da unidade."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: d0505386-1095-cd76-e319-6dd097e91be9

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32838
Data envio: 26/06/2018 14:27:33.726

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/06/2018 14:27:15

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32839
Data envio: 26/06/2018 14:27:42.726
Data 26/06/2018 14:27

RS/ag

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 29147,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os datos referidos ás xuntanzas plenarias levadas a cabo pola Unidade Muller e Ciencia nos anos 2017 e 2018, así como a creación nela dalgunha comisión de traballo na X lexislatura e a súa finalidade"**, (publicada no BOPG número 294 do 19 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade ,** que ten o seguinte contido:

**"**O Pleno da Unidade de Muller e Ciencia reuniuse en dúas ocasións durante o 2017. A primeira reunión nese exercicio tivo lugar o 26 de setembro. Segundo a orde do día, tratáronse os seguintes asuntos: aprobación dos nomeamentos por parte de cada un dos departamentos; presentación do informe do 'II Programa galego de muller e ciencia 2016-2020'; e as propostas de candidatas para o 'Premio María José Wonenburger Planells 2017'.

A seguinte reunión de 2017 produciuse o 27 de outubro. A orde do día centrouse na análise de candidaturas presentadas e dos informes emitidos para a concesión do 'Premio María Josefa Wonenburger Planells 2017' a Begoña Vila Costas, astrofísica galega especializada no estudio das galaxias espirais.

Ao longo deste 2018, celebrouse unha reunión do Pleno da Unidade de Muller e Ciencia o pasado 29 de maio. Neste caso, a orde do día baseouse na aprobación de novos nomeamentos; a designación do Consello Asesor en Investigación e Innovación de Galicia; as propostas para a edición de 2018 do 'Premio María Josefa Wonemburger

CVE-PREPAR: 66a1f8c3-0485-ce71-0735-003f5e420813

Planells'; e a rotación da exposición relacionada con este premio, que ten como obxectivo dar máis presenza e promover a posta en valor das mulleres na ciencia.

Ademais, cómpre recordar que nesta mesma lexislatura -concretamente no pleno do 16 de setembro de 2016- constituíuse una Comisión de traballo para a avaliación e o seguimento do II Programa Galego de Muller Ciencia 2016-2020."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 66a1f8c3-0485-ce71-0735-003f5e420813

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32839
Data envío: 26/06/2018 14:27:42.726

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/06/2018 14:27:39

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 13:37
Nº Rexistro: 32858
Data envío: 27/06/2018 13:37:38.161
Data 27/06/2018 13:37

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30737,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da adopción dalgunha medida para garantir o acceso á tarxeta benvida das familias que realizan unha adopción internacional, así como a introdución nos vindeiros anos dalgunha modificación na orde de axudas correspondente"**, (publicada no BOPG número 307 do 21 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

**"**A Xunta de Galicia é consciente das dificultades de acceso á tarxeta Benvida de moitas familias que realizan unha adopción e por ese motivo considera razoable facer unha excepción ao requisito xeral de que o nacemento do fillo ou filla polo que se solicita a axuda se produza durante o ano natural en curso.

En consecuencia, está previsto que nos vindeiros días se publique unha modificación da Orde do 19 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases polas cales se rexerá a concesión da axuda económica, a través da tarxeta Benvida, para as familias con fillas e fillos nadas/os no ano 2018, para asimilar a resolución xudicial de adopción do neno ou nena polo que se solicite a axuda ao seu nacemento e, deste xeito, apoiar a adopción durante o primeiro ano de convivencia co novo fillo ou filla.**"**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: fcaf54f8-3d22-d7d6-8da9-14213a41bb54



107897

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/06/2018 13:37:17

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 13:37
Nº Rexistro: 32858
Data envio: 27/06/2018 13:37:38.161

Asinado dixitalmente por:

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/06/2018 13:37:17**

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 13:37
Nº Rexistro: 32859
Data envío: 27/06/2018 13:37:51.958
Data 27/06/2018 13:37

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 29772,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración do Goberno galego respecto do cumprimento dos obxectivos previstos en relación coa creación de escolas públicas infantís de 0 a 3 anos nos polígonos industriais e parques empresariais, os datos referidos ás solicitudes de axudas económicas presentadas e denegadas para ese fin, así como as medidas previstas ao respecto"**, (publicada no BOPG número 300 do 4 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

**"**Ás axudas convocadas a través da Orde do 4 de xullo de 2017 pola que se regulan as bases que rexerán a concesión de axudas económicas para creación de escolas infantís 0-3 en polígonos industriais e parques empresariais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, presentáronse un total de 4 solicitudes das cales dúas acadaron unha valoración favorable a Asociación de empresarios de Mos-Aemos e a Entidade Urbanística de Conservación do Polígono Industrial da Tomada. Das dúas restantes unha tívose por desistida da súa solicitude por non achegar, logo de requirimento, documentación preceptiva e a outra denegóuselle por incumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria.

A Xunta de Galicia seguirá impulsando a creación de escolas infantís 0-3 en polígonos industriais e parques empresariais, no convencemento de que esta iniciativa favorece que as familias poidan ter un lugar de atención aos seus fillos/as menores de tres anos preto do lugar do seu posto de traballo e polo tanto que as persoas compatibilicen a súa vida persoal e familiar coa profesional. Ademais contribúe a crear contornos laborais máis atractivos e eficientes a través dunha mellor administración do capital humano das empresas.

CVE-PREPAR: 9f4ecd33-27c8-92a8-bc83-e72e08bbe010

Así mesmo, como potenciais beneficiarias, reforzará a información sobre estas axudas ás asociacións empresariais e entidades representantes de parques empresariais e polígonos industriais de Galicia.**"**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 9f4ecd33-27c8-92a8-bc83-e72e08bbe010

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 13:37
Nº Rexistro: 32859
Data envío: 27/06/2018 13:37:51.958

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/06/2018 13:37:47

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 13:38
Nº Rexistro: 32860
Data envio: 27/06/2018 13:38:10.693
Data 27/06/2018 13:38

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27728,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego referidas á construción e remate da residencia para a terceira idade anunciada no núcleo da Chan-Carballedo, no concello de Cerdedo-Cotobade, a data de inicio polo Concello do proceso de expropiación das parcelas, dos viais de acceso, da ampliación da edar e do plan especial de dotacións, así como as razóns da elección da fórmula de concesión administrativa para a execución das obras e a xestión do centro"**, (publicada no BOPG número 281 do 22 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia no Concello de Cerdedo-Cotobade ten planificada a construción dunha edificación con destino a residencia de maiores, anexa ao actual centro de día e residencia de Cerdedo, que permitirá ampliar as prazas existentes de 18 a 49 prazas de residencia, mantendo no futuro o uso do actual centro para atención diúrna.

Para esta actuación, que xa foi licitada e está en proceso de adxudicación, están consignados no orzamento do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar un total de 1.700.000.-€ en tres anualidades.

En relación á construción dunha residencia no núcleo de A Chan-Carballedo, trátase dunha iniciativa municipal do Concello de Cerdedo-Cotobade que, no exercicio da súa

CVE-PREPAR: b3249835-1e38-90d9-4926-d6112c3db751





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/06/2018 13:38:07

autonomía local, planificará e financiará ese equipamento da forma que mellor conveña aos intereses municipais para facela viable, e seguindo os trámites urbanísticos, medio-ambientais e administrativos que sexan necesarios conforme á lexislación que sexa de aplicación**.”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: b3249835-1e38-90d9-4926-d6112c3db751

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 13:38
Nº Rexistro: 32860
Data envío: 27/06/2018 13:38:10.693

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/06/2018 13:38:07

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32869
Data envio: 27/06/2018 14:17:31.410
Data 27/06/2018 14:17

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24034,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as causas das sucesivas demoras e das supostas irregularidades que se están a producir no pagamento das primas correspondentes ás axudas públicas para o mantemento das casas niño, a súa incidencia na calidade e mantemento do servizo que prestan, así como as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego ao respecto e o futuro que van ter máis alá de 2019"**, (publicada no BOPG número 252 do 2 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

**"**A Xunta de Galicia non está a demorarse nin a cometer irregularidade no pagamento das primas ao mantemento das casas niño. A prima é unha axuda pública ao desenvolvemento da actividade que en ningún caso leva aparellado un pagamento mensual obrigatorio.

A este respecto cómpre lembrar que as persoas titulares das casas niños concorreron a unha axuda pública ao abeiro da Orde do 6 de maio de 2016 (DOG do 23 de maio), na que se regulan as bases que rexen estas axudas e onde se establece expresamente a forma na que se realizará a xustificación da actividade e o seu correspondente pagamento, aspectos que veñen regulados respectivamente nos artigo 20 e 22.2.2.

Os citados artigos establecen que a xustificación de cada anualidade (e polo tanto o correspondente pago asociado) comprenderá as actuacións realizadas no ano en curso ata o 30 de novembro. Isto é así porque a Administración non pode pagar sen a acreditación previa da realización da actividade.

Polo tanto, en ningún momento o Goberno galego incumpriu os compromisos económicos contraídos, compromisos que cumpre e seguirá cumprindo respecto de todas e cada unha das casas niño que estean funcionando no territorio, como non pode ser doutra maneira.

CVE-PREPAR: 28689a31-cd41-4525-7a65-ab2d99951c29

Sen prexuízo do anterior, si que se preocupou de dotar de liquidez ás titulares das casas niño, empregando todos os resortes que permite a lei con esta finalidade, establecendo anticipos (do 80% da subvención anual no 2016 e do 35 % da subvención anual nos sucesivos), autorizando pagos a conta da liquidación definitiva de ata o 90% da contía da subvención anual e axilizando ao máximo a tramitación interna do pagamento.

O compromiso da Xunta de Galicia é que en 2020 todos os concellos de Galicia conten cun recurso de conciliación**.**"

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 28689a31-cd41-4525-7a65-ab2d99951c29

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32869
Data envio: 27/06/2018 14:17:31.410

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/06/2018 14:17:11

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32870
Data envío: 27/06/2018 14:17:40.769
Data 27/06/2018 14:17

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 22443,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as demoras na construción e equipamento da residencia de maiores de Baleira e os motivos para privatizar a súa xestión"**, (publicada no BOPG número 243 do 19 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

**"**As obras da Residencia de Baleira foron executadas pola Xunta de Galicia. Posteriormente ese centro foi adscrito ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar en agosto de 2016 para a súa xestión e posta en funcionamento.

Para o seu equipamento se incluíu no orzamento de 2017 o correspondente financiamento necesario para proceder á licitación do mesmo que se publicou no DOG de 12-4-2017, e que se rematou nese ano.

As prazas do centro de maiores de Baleira serán públicas e incluidas na rede de centros que xestiona o Consorcio. Este ente xestiona unha parte dos seus centros de atención a persoas maiores con persoal propio e outra parte mediante xestión externalizada. O Consorcio garante a mesma calidade no funcionamento e nos servizos que se prestan nos seus centros, con independencia de que o centro se xestione en calquera das dúas fórmulas, manténdose en calquera caso o carácter público das súas prazas e o mesmos requisitos de acceso.**"**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 1b407c70-0e38-7f77-1a77-7277a016fec8



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/06/2018 14:17:36

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32870
Data envío: 27/06/2018 14:17:40.769

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/06/2018 14:17:36

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727